



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

Asunto: Acordo da Xunta Electoral de Galicia, do 26 de febreiro de 2024, polo que se resolve a denuncia do representante do Partido Socialista de Galicia – PSOE (PSdG-PSOE), por unha posible infracción do artigo 50 da LOREX.

A Xunta Electoral de Galicia, á vista dos seguintes

Antecedentes

1. Con data 20 de febreiro de 2024 a Xunta Electoral de Galicia recibiu da Xunta Electoral de Zona de Ourense unha denuncia formulada polo representante do Partido Socialista de Galicia – PSOE (RE 547/2024), contra D. Gonzalo Pérez Jácome, alcalde do Concello de Ourense, por unha posible infracción do artigo 50 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral (LOREX), derivada da celebración dun acto de inauguración nese termo municipal, efectuando, entre outras, as seguintes consideracións:

“...O día 2 de febreiro, tivo lugar o acto de inauguración da Rampa Mecánica da Carballeira coa súa posta en funcionamento, evento, organizado polo concello de Ourense e financiado con fondos públicos que busca encamiñar claramente o voto para o partido que sustenta o goberno do concello de Ourense, Democracia Ourensáns, partido que se presenta as eleccións...“...faltando a lealdade institucional conculcando a lexislación vixente...”

2. O 21 de febreiro de 2024, logo da reunión da Xunta Electoral de Galicia, trasladóuselles ao alcalde do Concello de Ourense Partido copia da denuncia, aos efectos de formular alegacións, extremo que se comunicou ao representante do Partido Socialista de Galicia – PSOE.

3. O 22 de febreiro de 2024 D. Gonzalo Perez Jácome formulou alegacións (RE 552/2024) motivando a conformidade dos feitos denunciados co establecido na LOREX, efectuando, entre outras afirmacións, as seguintes:

“...que en la puesta en funcionamiento de las citadas rampas, no hubo representación institucional, ni convocatoria de autoridades, ni de medios de comunicación ni se celebró acto institucional alguno, ni corte de cinta o ágape. Es decir, no existe indicio alguno que pueda hacer pensar a nadie que allí se hubiera podido celebrar una inauguración, siendo rotundamente falso el motivo esgrimido de contrario en punto tercero de la denuncia...”

“...está claro que no estamos ante un supuesto de incidencia de los poderes públicos en la campaña electoral mediante una campaña institucional, sino que estamos ante una situación de puesta en funcionamiento de un servicio u obra amparado por la LOREG, hecho que, a toro pasado, reflejé sin más en mi facebook personal. Por otro lado, de lo relatado y aportado por la denunciante, no se demuestra ninguna de sus acusaciones, al no verse ninguna inauguración, declaración institucional, evento



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

organizado por el Ayuntamiento o solicitud de voto, o cargo alguno a fondos públicos con tal motivo...”

Fundamentos de dereito

Primeiro. O artigo 50 da Lei orgánica 5/85, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral (LOREX), prohibe expresamente no seu apartado 2 durante o período electoral “calquera acto organizado ou financiado, directa ou indirectamente, polo poderes públicos que conteña alusións ás realizacións ou aos logros obtidos”. E o seu apartado 3, prohibe “calquera acto ou inauguración de obras ou servizos públicos ou proxectos destes, calquera que sexa a denominación utilizada, sen prexuízo de que ditas obras ou servizos podan entrar en funcionamento en dito período”.

Segundo. As administracións públicas no período electoral poden continuar co exercicio das competencias que legalmente teñen atribuídas: *«El artículo 50.2 de LOREG no prohíbe que durante los períodos electorales las administraciones públicas puedan ejercer las potestades administrativas que tengan legalmente atribuidas»* (Ac. XEC do 4 de marzo de 2020).

Por iso *«el inicio del período electoral no interrumpe aquellas actuaciones de los poderes públicos que resulten necesarias para la salvaguarda del interés público o para o correcto desenvolvemento de los servicios públicos»* (Ac. XEC do 10 de maio de 2011).

Polo tanto, o período electoral non impide a información sempre que se limite estritamente a proporcionar aquela que sexa de interese xeral (Ac. XEC do 14 de abril de 2011) ou que sexa útil, carente de valoracións electoralistas e enmarcada dentro dunha campaña informativa específica (Ac. XEC do 16 de maio de 2019).

Terceiro. Neste caso a denuncia non concreta os elementos que puideran relacionarse cun acto de natureza institucional do Concello de Ourense que poidera incorrer na prohibición establecida no apartado 3 do artigo 50 da LOREX, correspondéndose máis ben a posta en funcionamento da rampa mecánica que se describe, coas actividades permitidas expresamente nese precepto. Así pois esta xunta electoral considera que as actuacións denunciadas, sitúanse no ámbito do funcionamento ordinario da Administración Pública Local referida, sen que se aprecien nelas contidos electoralistas.

En consecuencia,

Acorda

O arquivo da denuncia.

En execución do presente acordo, e para o cumprimento do disposto no art. 21.2 LOREX, desenvolvido pola Instrución da Xunta Electoral Central 11/2007, do 27 de setembro, comunícolle



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

que contra el poderá interpoñer recurso de alzada ante a Xunta Electoral Central, que deberá presentarse ante esta Xunta Electoral de Galicia, para o seu informe, antes das 14:00 horas do próximo día 28 de febreiro de 2024.

O recurso poderá presentarse por correo electrónico no seguinte enderezo:
xunta.electoral.galicia@parlamentodegalicia.gal